

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**2616** *Real decreto 61/2011, do 21 de xaneiro, sobre declaracións que deben efectuar os compradores de leite e produtos lácteos de ovella e cabra.*

O Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003, materializa as modificacións aprobadas no marco da última reforma da política agrícola común, denominada «Recoñecemento médico».

A aplicación do recoñecemento médico no sector ovino e cabrún en España supuxo unha oportunidade para potenciar a ordenación do sector a través do desligamento das axudas da PAC, efectivo a partir do 1 de xaneiro de 2010.

A aplicación do artigo 68 do dito regulamento permite aos Estados membros utilizar ata un 10 por cento dos seus límites máximos nacionais para o conxunto das axudas directas destinado a conceder axudas específicas para os sectores que se consideren especialmente sensibles. España adoptou a decisión de utilizar este novo instrumento para dar un apoio ao sector ovino e cabrún, complementándose así estas medidas co desligamento das axudas.

Este réxime de apoio adicional divídese en dúas liñas de axuda para, por unha banda, impulsar explotacións orientadas á produción de carne de ovino e cabrún con dificultades específicas ou en áreas económicas ou socialmente vulnerables e, por outra, potenciar a ganadería baseada nas producións de calidade (IGP, DOP, ETG, produción ecolóxica) e etiquetaxe facultativa.

O especial trazo de vulnerabilidade do sector ovino e cabrún de carne xustificou a necesidade de ofrecer un apoio específico a esta orientación produtiva, excluindo desta liña de axuda as explotacións que comercializan leite ou produtos lácteos.

Resulta necesario, por iso, dispor dunha información actualizada e fiable das distintas orientacións produtivas das explotacións, coa finalidade de asegurar o destino da axuda ás explotacións que verdadeiramente son vulnerables. As declaracións das entregas de leite e produtos lácteos de ovino e cabrún que os gandeiros lles venden ás industrias lácteas considéranse unha fonte solvente para garantir o control eficaz das axudas concedidas ás explotacións de ovino e cabrún que se orientan á produción de carne, tal e como establece o artigo 87 e seguintes do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á ganadería.

Parece conveniente que as declaracións se efectúen todos os anos, tendo en conta tanto a anualidade dos pagamentos da PAC, como as posibles variacións que se poden producir por modificacións de orientación produtiva, derivadas das características inherentes á produción de leite de ovella e cabra que pode, nalgúns zonas, depender considerablemente das condicións climáticas que afectan a alimentación dos animais.

Ademais, en relación coas subvencións para a implantación de sistemas de aseguramento para mellora integral da calidade do leite cru producido e recollido nas explotacións e a súa certificación externa, reguladas polo Real decreto 1589/2009, do 16 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a implantación de sistemas de aseguramento para a mellora integral da calidade do leite cru producido e recollido nas explotacións, e a súa certificación externa, estas declaracións resultan de especial relevancia para a baremación dos criterios de prioridade conforme o artigo 4 da dita norma e, en particular, o referido ao leite comercializado baixo contrato homologado.

Por outra banda, tendo en conta que a tramitación e concesión das axudas en beneficio dos produtores de ovino e cabrún corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas, as ditas declaracións serán facilitadas polos compradores de leite ou produtos lácteos a eses órganos.

No entanto, resulta oportuno coordinar a actividade entre a Administración xeral do Estado e os órganos competentes das comunidades autónomas mediante unha disposición que estableza os datos mínimos que deben conter as declaracións para que se poida establecer unha información homoxénea en todo o territorio do Estado, para os efectos de realizar un efectivo control na aplicación do disposto na normativa nacional.

O feito de que os pagamentos do réxime adicional ao sector da produción de carne se poidan iniciar a partir do 1 de decembro, de acordo coa normativa da PAC, así como o carácter marcadamente técnico do texto, fai que se considere axustada a súa adopción mediante norma regulamentaria.

Por último, debido á entrada en vigor desta nova norma, cómpre derrogar a Orde do 6 de xullo de 1995 sobre declaracións que deberán efectuar os compradores de leite e produtos lácteos de ovella que viñan utilizando vinculada á xestión da prima de ovino.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xaneiro de 2011,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase como:

a) Produtor: o gandeiro, persoa física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, titular de explotación de ovino ou cabrún que estea situada en territorio español e que forneza directamente o comprador de leite ou produtos lácteos de ovella ou cabra ou que venda leite ou produtos lácteos elaborados co leite que se produza na explotación.

b) Comprador: a empresa ou agrupación de empresas que compre leite ou produtos lácteos de ovella ou cabra procedentes de produtores instalados en territorio español para a súa comercialización, tratamento ou transformación, xa sexa por métodos industriais ou artesanais, noutros produtos lácteos.

##### Artigo 2. *Declaracións anuais.*

1. Todos os compradores de leite e produtos lácteos de ovella e cabra, que adquiren estes produtos, quedan obrigados a presentar unha declaración anual, que se poderá presentar en soporte electrónico, na cal figure a relación de todos os seus provedores produtores.

2. Ademais, os produtores que destinen toda ou parte da súa produción á venda de leite ou á elaboración de produtos lácteos na explotación quedarán igualmente obrigados a presentar unha declaración anual, que se poderá presentar en soporte electrónico.

3. As declaracións previstas nos puntos anteriores dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a sede social do declarante e presentaranse ante aquel ou nos demais lugares previstos no punto 4 do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esas declaracións serán cubertas de acordo cos modelos que para ese efecto establezan os órganos competentes das comunidades autónomas e que conterán, polo menos, os seguintes datos:

a) Datos identificativos e domicilio do comprador declarante (DNI ou NIF, nome ou razón social, municipio).

b) Datos individualizados de cada produtor (DNI ou NIF, nome, razón social, municipio).

c) Resumo do número de produtores incluídos na declaración.

4. O prazo para a presentación polos compradores ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente, referido ao ano natural anterior, finalizará o 1 de febreiro do ano seguinte.

5. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán ao Fondo Español de Garantía Agraria, antes do 1 de marzo do ano seguinte ao que corresponda a declaración, os datos relativos ás declaracións recibidas, nun ficheiro informático que conteña, polo menos, os datos que figuran nos anexos I e II, acompañado dun certificado que conteña, polo menos, os datos do anexo III, para os efectos de que ese organismo elabore o ficheiro nacional de produtores de ovino e cabrún que fornezan leite e produtos lácteos. Esa información porase, para os efectos oportunos, á disposición da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

### Artigo 3. *Réxime sancionador.*

A falta de declaración ou a falsidade nos datos declarados poderán ser sancionadas de acordo co Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e demais disposicións que lle sexan de aplicación.

### Disposición transitoria única. *Prazos para o ano 2011.*

Malia o disposto no artigo 2.3, no ano 2011 o prazo para a presentación das declaracións das entregas efectuadas en 2010 polos declarantes, ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente, finalizará o 1 de abril de 2011.

Así mesmo, no ano 2011 o prazo establecido no artigo 2.4 para que as comunidades autónomas comuniquen ao Fondo Español de Garantía Agraria os datos relativos ás declaracións recibidas para o ano 2010 finalizará o 1 de maio de 2011.

### Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 6 de xullo de 1995, sobre declaracións que deben efectuar os compradores de leite e produtos lácteos de ovella.

### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xaneiro de 2011

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ROSA AGUILAR RIVERO

## ANEXO I

## Registro de datos de produtores de leite e produtos lácteos de ovino

Descrición	Campo	Posición	Lonxitude	Definición	Formato	Rango	Nulo
Comunidade autónoma.	1	1-2	2	Código da comunidade autónoma remitente.	FA2	Véxase táboa códigos CC.AA.	N
Empresa.	2	3-42	40	Nome ou razón social do comprador.	FA1		N
Letra do DNI.	3	43-43	1	Letra do DNI do comprador.	FA2		S
Número do DNI/NIF.	4	44-51	8	N.º do DNI/NIF do comprador.	FA2		N
Letra do NIF.	5	52-52	1	Letra do NIF do comprador.	FA1		S
Apelidos e nome.	6	53-92	40	Apelidos e nome ou razón social do produtor.	FA1		N
Letra do DNI.	7	93-93	1	Letra do DNI do produtor.	FA2		S
Número do DNI/NIF.	8	94-101	8	Nº do DNI/NIF do produtor.	FA2		N
Letra do NIF.	9	102-102	1	Letra do NIF do produtor.	FA1		S

Explicación dos campos:

FA1: campo alfanumérico, axustado á esquerda e completado en branco á dereita se for necesario.

FA2: campo alfanumérico, axustado á dereita e completado con ceros á esquerda se for necesario.

N: o campo é obrigatorio.

S: o campo non é obrigatorio se xa se completou a información noutro campo.

## ANEXO II

## Registro de datos de produtores de leite e produtos lácteos de cabrún

Descrición	Campo	Posición	Lonxitude	Definición	Formato	Rango	Nulo
Comunidade autónoma.	1	1-2	2	Código da comunidade autónoma remitente.	FA2	Véxase táboa códigos CC.AA.	N
Empresa.	2	3-42	40	Nome ou razón social do comprador.	FA1		N
Letra do DNI.	3	43-43	1	Letra do DNI do comprador.	FA2		S
Número do DNI/NIF.	4	44-51	8	Nº do DNI/NIF do comprador.	FA2		N
Letra do NIF.	5	52-52	1	Letra do NIF do comprador.	FA1		S
Apelidos e nome.	6	53-92	40	Apelidos e nome ou razón social do produtor.	FA1		N
Letra do DNI.	7	93-93	1	Letra do DNI do produtor.	FA2		S
Número do DNI/NIF.	8	94-101	8	Nº do DNI/NIF do produtor.	FA2		N
Letra do NIF.	9	102-102	1	Letra do NIF do produtor.	FA1		S

Explicación dos campos:

FA1: campo alfanumérico, axustado á esquerda e completado en branco á dereita se for necesario.

FA2: campo alfanumérico, axustado á dereita e completado con ceros á esquerda se for necesario.

N: o campo é obrigatorio.

S: o campo non é obrigatorio se xa se completou a información noutro campo.

**Codificación para as comunidades autónomas**

Código	Descrición
01	C.A. de Andalucía.
02	C.A. de Aragón.
03	C.A. do P. de Asturias.
04	C.A. das Illes Balears.
05	C.A. de Canarias.
06	C.A. de Cantabria.
07	C.A. de Castilla-La Mancha.
08	C.A. de Castilla y León.
09	C.A. de Cataluña.
10	C.A. de Extremadura.
11	C.A. de Galicia.
12	C.A. de Madrid.
13	C.A. da Rexión de Murcia.
14	Comunidade Foral de Navarra.
15	C.A. do País Vasco.
16	C.A. de La Rioja.
17	C. Valenciana.

**ANEXO III****Certificación anual de produtores de leite e produtos lácteos de ovella e cabra**

D/D.<sup>a</sup> ..... na súa calidade  
de ..... da Comunidade Autónoma de .....

**CERTIFICA**

Que esta comunidade autónoma recibiu, de acordo co previsto na Orde do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, do .... de ..... de 2010:

– Declaracións de compradores de leite e produtos lácteos de ovella correspondentes ao ano 20.... O ficheiro electrónico que se xunta contén un total de ..... produtores e todas elas quedaron arquivadas nesta unidade.

– Declaracións de compradores de leite e produtos lácteos de cabra correspondentes ao ano 20...., O ficheiro electrónico que se xunta contén un total de ..... produtores e todas elas quedaron arquivadas nesta unidade.

E para que conste para os efectos de que o FEGA poida elaborar o ficheiro nacional de produtores de ovino e cabrún que comercialicen leite e produtos lácteos de ovella e cabra con obxecto de realizar os pertinentes controis para os efectos dos pagamentos recollidos no título VI, capítulo II, sección 2.<sup>a</sup> do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro.